

LÚA DE PAPEL

[**Paper Moon**, Peter Bogdanovich
1973, EE UU, 102 min., VOSE]

Lingua **Inglés**

Dirección **Peter Bogdanovich**

Guión **Alvin Sargent (sobre Addie Pray, de Joe David Brown)**

Montaxe **Verna Fields**

Fotografía **László Kovács**

Son **Les Fresholtz**

Elenco **Ryen O'Neal, Tatum O'Neal, Madeline Kahn, John Hillerman**

Produtora **Paramount Pictures** Distribución **Baños Films**

Durante a época da Gran Depresión e a Lei Seca, Moses Pray, un estafador de pouca monta, gáñase a vida vendéndolles biblias a mulleres viúvas. Contra a súa vontade, faise cargo de Addie, a filla pequena dunha antiga amante falecida, que o acompaña e aprende axiña as malas artes do oficio. Ambos establecen unha estreita relación mentres se dirixen a St. Louis, nunha viaxe na que se cruzan con artistas de feira, policía corruptos, hillbillies e contrabandistas.

FEBREIRO

Martes 4 **O RAPAZ E A GARZA**

(Hayao Miyazaki, 2023
Xapón, 124 min., VOSE)

Martes 11 **DAAAAAALÍ!**

(Quentin Dupieux, 2023
Francia, 79 min., VOSE)

Martes 18 **NON AGARDES DEMASIADO
DA FIN DO MUNDO**

(Radu Jude, 2023
Romanía, 163 min., VOSE)

Martes 25 **O BAÑO DO DIABO**

(Veronika Franz e Severin Fiala, 2024
Austria, 121 min., VOSE)

+ SESIÓNS DE FILMOTECA:

YASUJIRO OZU

Luns 3 **FLORES DE EQUINOCCIO**

(Yasujiro Ozu, 1958
Xapón, 118 min., VOSE)

Luns 17 **A HERBA ERRANTE**

(Yasujiro Ozu, 1959
Xapón, 119 min., VOSE)



LÚA DE PAPEL

PETER BOGDANOVICH

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](https://www.facebook.com/cineclubepontevedra)



[CineclubPo](https://twitter.com/CineclubPo)

Coa colaboración de:



CINECLUBE PONTEVEDRA

LÚA DE PAPEL, ESTAFADORES DO MEDIO OESTE

A súa cuarta longametraxe, *Lúa de papel*, prosegue con ese período de títulos indispensables dentro do cinema norteamericano dos setenta. Trátase dunha comedia que non só evoca os anos 30, senón que tamén transporta o espectador ás desoladas paisaxes do Medio Oeste americano, cuxos dramas durante a Gran Depresión foron fotografados, entre outros, por Walker Evans ou Dorothea Lange e levados ao cine en filmes imperecedoiros, como *As uvas da ira*, de John Ford.

O guión, escrito por Alvin Sargent, é unha adaptación da novela *Addie pray*, de Joe David Brown, publicada en 1971. A produción de *Lúa de papel* foi obxecto de varios cambios. O principal e máis destacado foi que John Huston fora seleccionado, nun primeiro intre, para dirixir o filme. O propio Huston escollera como actores principais a Paul Newman e a súa filla, Nell Potts. Non obstante, o proxecto non chegou a callar. Bogdanovich, que estaba á procura de novos traballos logo de dirixir *Que pasa, doutor?*, decidiu tomar as rendas animado pola súa paixón polos dos anos 30. Os Newman —que desestimaran os seus papeis logo do abandono de Huston— foron substituídos por Tatum O’Neal e o seu pai, Ryan, con quen Bogdanovich xa traballara na súa última longa. Como recoñecería tempo despois, dirixir a pequena O’Neal —de nove anos e que non actuara previamente— supuxo todo un reto. Non obstante, a súa impecable e entrañable interpretación de Addie permitíralle ser premiada co Oscar á mellor actriz secundaria, converténdose na intérprete máis nova da historia en ser galardoada pola Academia, condición que ostenta aínda hoxe.

Bogdanovich realizou varios cambios na adaptación do libro á gran pantalla. O máis notorio de todos foi mudar o título, que pasou de ser *Addie pray* a converterse en *Lúa de papel*. O director tomou este título da canción *It’s Only a Paper Moon*, escrita por Harold Arlen e publicada en 1933. Indeciso, optou por consultarlle esta modificación a Orson Welles, quen lle deu a súa aprobación. Así mesmo, a idade da protagonista da novela —12 anos— foi reducida a 9 para facela acorde á de Tatum O’Neil. Por outra parte, como xa se sinalou, no filme optouse polas paisaxes do Medio Oeste fronte ao escenario do Sur da obra de Joe David Brown.

O criterio de Orson Welles tamén foi determinante nun dos aspectos máis destacados do filme: a fotografía. Welles recomendoulle a Bogdanovich rodar en branco e negro empregando un filtro vermello, para dotar as imaxes dun maior contraste. Bogdanovich contou para tal empresa coa colaboración do cineasta László Kovács. As características visuais de *Lúa de papel* son determinantes para definir o seu aspecto clásico, austero e sincero. Kovács emprega unha gran profundidade de campo. Recorre a esmerados encadramentos e a planos xerais compostos cun gran sentido do espazo.

Ademais da atinada fotografía de Kovács, *Lúa de papel* conta con outra serie de atributos que contribúen a intensificar un aire retro ao tempo que —aínda que soe contradictorio— contribúen a establecer unha sutil barreira entre o filme de Bogdanovich e os filmes dos anos trinta. O director tende a súa mirada ao pasado desde a proximidade do presente e sèrvese do seu profundo coñecemento da sétima arte, ademais de incidir en todo luxo de detalles como, por exemplo, incluír fragmentos de programas radiofónicos de Jack Benny, incorporar música da época, recrearse nos modelos dos automóviles clásicos ou ser escrupuloso á hora de incorporar no *atrezzo* produtos propios dese período, como o whisky Three Feathers, cuxa produción finalizou nos anos oitenta do pasado século. O cinema producido durante os anos da Gran Depresión carece deste tipo de autenticidade ou obxectividade, e é este un dos aspectos que permiten diferencialo deste clásico actual.

Peter Bogdanovich dosifica comedia e drama a partes iguais. *Lúa de papel* ten un carácter agridoce. Remóntase a unha época crúa e retrata os seus protagonistas, na súa maioría xente desherdada que trata de buscarse a vida como mellor pode. Ese relato sobre uns tempos grises acentúa o seu dramatismo grazas á elección de paisaxes desoladas no medio da América máis profunda e poeirenta. A primeira escena, en que se oficia o enterro da nai de Addie, é unha declaración de intencións. Os Estados Unidos presencian como os felices anos vinte se corromperon e asisten ao seu enterro. O New Deal preséntase como unha nova esperanza da que se desconfía. Non obstante, Bogdanovich, máis alá de incidir na soidade ou a desgraza dos protagonistas, refúxiase na ironía así como no humor e foxe dos sentimentalismos. As enxeñosas ocorrencias de Addie, o sarcasmo de Imogene (P. J. Johnson), a determinación de Moses ou a insoportable Trixie (Madeline Kahn) logran arrincar algún que outro sorriso que para nada chega a banalizar o discurso do filme. E é que, malia todo, Bogdanovich sempre reserva pinceladas que permiten que o desarraigamento dos seus personaxes acabe saíndo á superficie, como por exemplo, a escena no corredor dun hotel en que Addie e Imogene se despiden para sempre.

Lúa de papel é, en definitiva, un filme sinxelo, que non simple. Carece de artificios, tanto visuais como narrativos. Trátase dunha *road movie* que engancha desde os seus primeiros compases, tanto pola súa fotografía como pola historia que conta.